

Sábado 2 > 21.00 h

LA MACANA (Galicia)
Invisible Wires



“ FÍOS INVISIBLES ENTRE OS PERFORMERS, COMO UN LABORATORIO QUE CONDICIONA A CONEXIÓN ENTRE OS SERES HUMANOS...” (JULIO CÉSAR IGLESIAS, DIRECTOR DE INVISIBLE WIRES)

1 hora / Entrada: 5 € / 3,5 € / Público: Adulto

Os fíos invisibles que determinan as relacións humanas, que, se manteñen na distancia ou que conectan diferentes persoas sen a veces pretendelo é o tema desta peza de danza que transita por múltiples disciplinas como o teatro, e que a narración se constrúe a través de imaxes. Nela conflúen seis excelentes intérpretes de Islandia, Alemaña, Inglaterra, Galicia, Cuba, e conta coa música orixinal en directo do compositor belga Niko Hafkenscheid.

Invisible Wires supón un ambicioso reto para a compañía galega La Macana. Nace da man do creador de orixe cubana Julio César Iglesias Ungo, que reside en Europa e ten unha interesante traxectoria en Alemaña e Bélxica e realízase en coprodución con diversas entidades creativas europeas como Kunststiftungnrw (Alemaña), Theaterim Pumpenhaus (Münster, Alemaña), Tanzhausnrw (Düsseldorf, Alemaña), o centro de creación Graner (Barcelona) e a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) da Xunta de Galicia.

Rede Galega de Teatros e Auditorios

Ficha artística
Dirección: Julio César Iglesias Ungo / Interpretación: Alexis Fernández, Tanja Marin Frijonsdottir, Niko Hafkenscheid, Janis Heldma, Jacob Ingram-Dodd e Dymitry Szypura / Axudante de dirección: Caterina Varela / Música orixinal: Niko Hafkenscheid / Iluminación: Afonso Castro.

Venres 8 > 21.00 h

AIRENOAR (Galicia)
Airenoar



“ ESPAZO QUE RESPIRA. O AIRE...”

50 minutos
Entrada: 3 € / 2 €
Público: Adulto

Dúas persoas e unha corda vertical. Historia de encontros e desencontros, destrezas que loitan nunha relación de busca do entendemento para chegar á harmonía. Dúas linguaxes expresivas, que nos unen e que nos separan doutro.

Este espectáculo de danza contemporánea une disciplinas artísticas como o novo circo, acrobacia aérea con corda lisa, a voz e a creación musical en directo.

Rede Galega de Teatros e Auditorios

Ficha artística
Dirección: Rut Balbís
Interpretación: María Move e Álvaro Reboredo Ortega "Fitinho"
Técnica de corda lisa: Álvaro Reboredo Ortega "Fitinho"
Técnica vocal e composición musical en directo: María Move
Iluminación: Afonso Castro
Vestuario: Teresa Gutiérrez.

Venres 15 > 20.00 h

JAVIER MARTÍN (Galicia)
Antioedipus aut homunculus



“ AS FACCIÓNS QUE EU MESMO CREEI, EMPEZARON A PARECERME FERMOAS ”

1 hora
Entrada: libre e gratuíta
Público: Adulto
Salón de actos-2º andar

...bailar coa sombra dun mesmo parécese bastante a encontrarse co outro lado, co recordo que ten un dos mortos que coñeceu e coa imaxinación que cultiva doutros.

O bailarín desaparece e convértese en danza, así cada espectador recibe a información que precisa da forma que está disposto a escoitala...

Antioedipus aut homunculus é un proxecto performático de improvisación a nivel de movemento no que a peza crece e cambia ao enfrontarse sucesivamente ao público ata o día da súa estrea e morte.

Javier Martín, creador e intérprete galego de danza contemporánea, colabora e aprende con artistas e científicos do panorama actual para desenvolver a sensibilidade no corpo e acadar unha maior conciencia do movemento.

Deputación da Coruña

Ficha artística
Crea e baila: Javier Martín / Vestuario: Jm, Manolocremlera, La canalla / Escenografía, espazo sonoro, deseños e textos: Jm.

Domingo 17 > 18.00 h

TRASPEDIANTE (Galicia)
Up2Down

EN FAMILIA



“ TODO É POSIBLE ”

55 minutos
Entrada: 3 € / 2 €
Público: Todos os públicos

Movemento, clown, funambulismo e danza, son os elementos principais deste espectáculo danza-circo contemporáneo no que o humor e a danza se mesturan cunha disciplina circense nova en Galicia: o funambulismo.

Dúas bailarinas interpretan personaxes definidas polo seu antagonismo: o alto e o baixo. A funambulista etérea e a ideal pallas terreal e mundana crean un universo singular.

A compañía galega Traspediante regresa ao escenario carballés cunha nova e sorprendente proposta escénica sobre as emocións, no que o humor e interacción co público, son pezas fundamentais.

Rede Galega de Teatros e Auditorios

Ficha artística
Dirección: Arturo Cobas / Interpretación e coreografía: Marta Alonso e Paula Quintas / Dramaturxia: Kirenía Celia Martínez / Deseño iluminación: Javier Quintana / Música orixinal: María Mendoza / Vestuario: Fany Bello.



en Danza

Venres 22 > 21.00 h

MAR GÓMEZ (Cataluña)
Pollen Paradise

“ O AMOR
É ALGO
DELICADO...
NON HAI
PARAÍDOS
PEQUENOS
SEMPRE E
CANDO
CAIBAN
DOUS ”



1 hora e 15 minutos
Entrada: 4 € / 3 €
Público: Adulto

Un invernadoiro, flores, plantas e catro personaxes en movemento son os elementos básicos das dúas pezas complementarias do novo espectáculo da compañía catalá Mar Gómez.

Na primeira peza un home construír o seu propio Edén transformando unha planta no seu obxecto de desexo. Valerá a pena sacar a fermosa planta amorosa do invernadoiro?

Na segunda peza, a impetuosa e disparatada historia de amor e desexo entre un xardineiro e unha muller impulsiva, que os levará a vivir baixo un exótico invernadoiro.

Pollen Paradise son historias de amor independentes que evocan a idea do paraíso, unha viaxe humorística e poética cara os imperfectos lugares que creamos as persoas por amor e desexo.

É un privilexio que cerre Primavera enDanza a compañía Mar Gómez, que leva máis de 20 anos de traxectoria profesional cunha liña de traballo moi persoal, onde o teatro danza, o uso do sentido do humor, o xesto e un traballo coreográfico excepcional que fan desta compañía unha das máis importantes na danza contemporánea.

Rede Galega de Teatros e Auditorios

Ficha artística

Dirección artística: Mar Gómez / Dirección coreográfica: Xavier Martínez / Interpretación: Mar Gómez e Xavier Martínez / Deseño coreográfico: Ángel Márquez / Deseño iluminación: Anna Espunya / Deseño de vestuario: Mariel Soria.

Primavera enDanza

Celebramos catorce edicións de Primavera enDanza. Xa unha cita anual ineludible que aposta por achegarse á danza contemporánea, unha manifestación artística cuxa escasa presenza nos escenarios galegos non se corresponde coa súa alta capacidade de creación e innovación e repercusión das artes escénicas actuais. Outorgarlle un merecido espazo propio e apoiar o seu desenvolvemento é o obxectivo principal.

En Primavera enDanza presenciaremos cinco espectáculos nos que a danza dialogará coas artes circenses, a música e a improvisación musical, performance de improvisación co propio espazo físico, nos que o movemento coreográfico, o humor e a comunicación serán os elementos principais das propostas.

Esta programación apostará, unha vez máis, por espazos para a interacción entre artistas e público, en especial os encontros ao final de cada función, presentacións das coreografías en diferentes espazos públicos, así como con obradoiros específicos de danza contemporánea para distintos espectadores e cunha exposición sobre a danza vista por unha importante creadora.

Actividades Complementarias de achegamento á danza contemporánea

EXPOSICIÓN LAURA TOVA

Andanzas
Do 31 de marzo ao 30 de abril



Sala de exposicións, andar -1
Mostra da creadora Laura Tova que expoñerá parte da súa obra, na que abordará con gran sutileza a temática do movemento e as emocións que evoca e transmite a danza.

OBRAIDROS DE DANZA CONTEMPORÁNEA

Sábado 2 de abril
Pazo da Cultura / 12.00 h
Compañía La Macana
Destinado a público novo e adulto / Libre e gratuíto
Inscripcións no 981 704 300
Venres 15 de abril
IES de Carballo / 11.00 h
Compañía Javier Martín

PRESENTACIÓN DE ESPECTÁCULOS

Ao longo do festival, as compañías de danza realizarán presentacións dalgúns dos espectáculos participantes en Primavera enDanza en diferentes espazos públicos de Carballo.

Venres 8 de abril
13.00h / Xardín Municipal
Compañía Aireoar
Xoves 14 de abril
13.00h / Xardín Municipal
Compañía Traspedante

COMO SE CREA UN ESPECTÁCULO DE DANZA?

Ao remate de cada espectáculo terá lugar un encontro dos espectadores con coreógrafos e directores para falar do espectáculo que acaban de presentar e dar a coñecer o seu proceso de creación e achegar a linguaxe da danza ao público. Lugar: Pazo da Cultura.

...e, ademais

EXPOSICIÓNS

Do 7 de abril
ao 8 de maio
Xulio Maside,
Xoán Pardiñas e
Fernando Riveiro
odesexo
3º andar do Pazo da Cultura

Organiza: Concello de Carballo
Do 12 de maio
ao 5 de xuño
Traxe tradicional galego
3º andar do Pazo da Cultura
Organiza: Concello de Carballo, A. C. Argazo e Alberto Golpe Beceiro

MÚSICA

Abril: 5, 12 e 27 e
Maio: 5, 9, 10 e 12
Concertos didácticos a cargo do alumnado do conservatorio de saxo, trombón, frauta, violín e percusión e concerto de orquesta e banda municipal.
Pazo da Cultura
Organiza: Conservatorio Profesional de Música de Carballo

23 de abril

Currunchos Pop
Nacho Casado (La familia del árbol)
Biblioteca Rego da Balsa
20.30h
Organiza: Concello de Carballo

ANIMACIÓN Á LECTURA

Do 25 de abril
ao 1 de maio
XI Semana do Libro e a Lectura
Canta bichería!
Pazo da Cultura
Organiza: Concello de Carballo

FESTIVAL DE CONTIDOS DIXITAIS

Do 5 ao 7 de maio
III Carballo Interplay
Webseries
Pazo da Cultura e Fórum municipal
Organiza: Concello de Carballo

Venda de bonos e reserva de entradas

ENTRADAS

Venda: na billeteira do Pazo da Cultura, hora e media antes do inicio da actuación.
Reserva: a partir do 22 de marzo no teléfono 981 704 300 ou na Concellaría de Cultura. Limite: 4 entradas por persoa.
Descostos: aplicaranse prezos reducidos a determinados colectivos: estudantes con carné de estudante, maiores de 65 anos e menores de 12 anos.

BONOS

Poderase mercar un bono para asistir a catro espectáculos de danza aos seguintes prezos:

Bono ordinario: 10 €
Bono especial con prezo reducido: 8 € (para


estudantes con carné de estudante, maiores de 65 anos e menores de 12 anos)

Inicio de venda de bonos: martes 22 de marzo, de 11.00 h a 14.00 h. OS BONOS NON SE RESERVAN.
Lugar de venda de bonos: Concellaría de Cultura (Pazo da Cultura)

Prégase puntualidade. Unha vez comezada a función non se garante o acceso á sala.

INFORMACIÓN

Pazo da Cultura
Rúa do Pan s/n
15100 Carballo
T 981 704 300
cultura@carballo.gal
www.carballo.gal



ORGANIZAN:



COA COLABORACIÓN DE:

